**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE RIVEIRA O DÍA 21 DE XANEIRO DO 2016.**

**ASISTENTES:**

| | |
|---|---|
| **Presidente:**<br><br>Dª Fabiola García Martínez<br><br>**Membros que asisten:**<br><br>Dª María Herminia Pouso Maneiro<br>D. Manuel Emilio Pérez Outeiral<br>Dª Elvira Pereira Ageitos<br>Dª María Esther Patiño Rey<br>D. Víctor Reiriz Lampón<br>D. Anxo Orellan Fernández | **Interventor:**<br>D. Jorge González Mariño, Técnico de Xestión do Departamento de Intervención, Interventor acctal. (Decreto 20-05-11)<br><br>**Secretario en funcións**<br>D. José Martínez de Llano Orosa<br><br>**Membros que non asisten:**<br><br>D. Manuel Ruiz Rivas (Alcalde) |

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Riveira, sendo as nove horas e trinta minutos do día vinte e un de xaneiro do dous mil dezaseis, reúnense os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 1 de xullo de 2015, os seguintes acordos:

**I.- APROBACIÓN DE ACTAS DE SESIÓNS ANTERIORES.**

Non se presenta ningunha acta para a súa aprobación

**II.- FACTURAS E PROPOSTAS DE GASTO.**

**A) FACTURAS.**

Non se presenta ningunha factura para a súa aprobación

**B) PROPOSTAS DE GASTO.**

**A Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** prestar a súa aprobación aos orzamentos presentados segundo as propostas que a continuación se relacionan:

| | | | |
|---|---|---|---|
| **Nº Proposta** | 1 | Data | 12/01/2016 |
| **SERVIZO/CONCELLERÍA** | Concellería de Administración, Transparencia, Atención e Participación Cidadá<br>Fabiola García Martínez | | |
| **DESCRICIÓN DO GASTO** | Subministración de 48 caixas de papel DIN-A4 para a Casa do Concello (26), O.M.I.C. (12) e Lonxa Municipal (12) | | |
| **Nº orzamentos aportados** | 1 | **Provedores** | IMPRENTA SANYG, S.L. |
| **Informe:** | | | |
| **PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.** | | | |
| **Denominación:** | **IMPRENTA SANYG, S.L.** | | |
| **NIF/CIF:** | B70039466 | | |
| **Importe (IVE incluído):** | **679,54 €** | | |
| **Observacións** | | | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| **Nº Proposta** | 2 | Data | 12/01/2016 |
| **SERVIZO/CONCELLERÍA** | Concellería de Administración, Transparencia, Atención e Participación Cidadá<br>Fabiola García Martínez | | |
| **DESCRICIÓN DO GASTO** | Subministración de 2.000 litros de gasóleo C para a calefacción da Casa do Concello a unn prezo unitario de 0,432 €/lit., I.V.E. incluído | | |
| **Nº orzamentos aportados** | 1 | **Provedores** | COMBUSTIBLES PUEBLA, S.L. |
| **Informe:** | | | |
| **PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.** | | | |
| **Denominación:** | **COMBUSTIBLES PUEBLA, S.L.** | | |
| **NIF/CIF:** | B15668072 | | |
| **Importe (IVE incluído):** | **864,00 €** | | |
| **Observacións** | | | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| **Nº Proposta** | 3 | Data | 18/01/2016 |
| **SERVIZO/CONCELLERÍA** | Directora do Obradoiro de Emprego Tahume II<br>Sandra Pérez González | | |
| **DESCRICIÓN DO GASTO** | Aluguer durante 15 días dunha retroexcavadora + ahoiador para a construción da pasarela do Carreiro polo alumnado do obradoiro de emprego | | |
| **Nº orzamentos aportados** | 1 | **Provedores** | TALLERES ARTEIXO, S.L. |
| **Informe:** | Directora do Obradoiro de Emprego Tahume II-Sandra Pérez González (18/01/2016) | | |
| **PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.** | | | |
| **Denominación:** | **TALLERES ARTEIXO, S.L.** | | |
| **NIF/CIF:** | B15031560 | | |
| **Importe** | **2.314,85 €** | | |

CONCELLO DE RIVEIRA SECRETARÍA

| | |
|---|---|
| (IVE incluído): | |
| Observacións | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| Nº Proposta | 4 | Data | 18/01/2016 |
| SERVIZO/CONCELLERÍA | Directora do Obradoiro de Emprego Tahume II<br>Sandra Pérez González | | |
| DESCRICIÓN DO GASTO | Subministración de madeira de pino tratada para a construción da pasarela do Carreiro polo alumnado do obradoiro de emprego | | |
| Nº orzamentos aportados | 3 | Provedores | - PEPE DE ADELINO E HIJOS, S.L.<br>- MADERAS CAYPE, S.L.<br>- COMERCIAL MALLO AREA, S.L. |
| Informe: | | | |
| PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación. | | | |
| Denominación: | PEPE DE ADELINO E HIJOS, S.L. | | |
| NIF/CIF: | B15972649 | | |
| Importe (IVE incluído): | **7.615,26 €** | | |
| Observacións | | | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| Nº Proposta | 5 | Data | 14/01/2016 |
| SERVIZO/CONCELLERÍA | Xerente de Actividades Deportivas<br>José Miguel Ruiz Rivas | | |
| DESCRICIÓN DO GASTO | Servizo de 4 horas de camión grúa con cesta co motivo da reparación das redes perimetrais do campo de fútbol de céspede sintético da Fieiteira | | |
| Nº orzamentos aportados | 1 | Provedores | VÍAS Y SERVICIOS GENERALES, S.L. |
| Informe: | | | |
| PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación. | | | |
| Denominación: | VÍAS Y SERVICIOS GENERALES, S.L. | | |
| NIF/CIF: | B15555923 | | |
| Importe (IVE incluído): | **242,00 €** | | |
| Observacións | | | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| Nº Proposta | 6 | Data | 14/01/2016 |
| SERVIZO/CONCELLERÍA | Xerente de Actividades Deportivas<br>José Miguel Ruiz Rivas | | |
| DESCRICIÓN DO GASTO | Reparación das redes perimetrais e de porterías do campo de fútbol de céspede sintético da Fieiteira | | |
| Nº orzamentos aportados | 1 | Provedores | FRANCISCO V. ARGIBAY MARTÍNEZ |
| Informe: | | | |
| PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación. | | | |
| Denominación: | FRANCISCO V. ARGIBAY MARTÍNEZ | | |
| NIF/CIF: | | | |
| Importe (IVE incluído): | **217,80 €** | | |
| Observacións | | | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| Nº Proposta | 7 | Data | 12/01/2016 |
| SERVIZO/CONCELLERÍA | Xerente de Actividades Deportivas<br>José Miguel Ruiz Rivas | | |
| DESCRICIÓN DO GASTO | Realización de análises para o control da auga das dúas piscinas, así | | |

CONCELLO DE RIVEIRA SECRETARÍA

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | como o de lexionela na rede de auga quente sanitaria do Complexo Deportivo da Fieiteira | | |
| Nº orzamentos aportados | 1 | Provedores | LEMA & BANDÍN, S.L. | |
| Informe: | | | | |
| **PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.** | | | | |
| **Denominación:** | **LEMA & BANDÍN, S.L.** | | | |
| **NIF/CIF:** | B36624831 | | | |
| **Importe (IVE incluído):** | **2.803,45 €** | | | |
| **Observacións** | | | | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| **Nº Proposta** | **8** | **Data** | 19/01/2016 |
| **SERVIZO/CONCELLERÍA** | Alcaldía | | |
| **DESCRICIÓN DO GASTO** | Acometida eléctrica nas instalacións do Viveiro de Empresas | | |
| **Nº orzamentos aportados** | 1 | **Provedores** | UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN |
| **Informe:** | | | |
| **PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.** | | | |
| **Denominación:** | **UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN** | | |
| **NIF/CIF:** | A63222533 | | |
| **Importe (IVE incluído):** | **420,46 €** | | |
| **Observacións** | | | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| **Nº Proposta** | **9** | **Data** | 12/01/2016 |
| **SERVIZO/CONCELLERÍA** | Concellería de Educación<br>Mª Herminia Pouso Maneiro | | |
| **DESCRICIÓN DO GASTO** | Realización da actividade Obradoiros de Arte "Nós-Outras" os días 01 e 15/02/2016, incluído no programa de actividades de dinamización lingüística nos meses de xaneiro e febreiro de 2016 | | |
| **Nº orzamentos aportados** | 1 | **Provedores** | LUCÍA ROMANÍ FERNÁNDEZ |
| **Informe:** | | | |
| **PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.** | | | |
| **Denominación:** | **LUCÍA ROMANÍ FERNÁNDEZ** | | |
| **NIF/CIF:** | 52932041W | | |
| **Importe:** | **300,00 €** | | |
| **Observacións** | | | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| **Nº Proposta** | **10** | **Data** | 12/01/2016 |
| **SERVIZO/CONCELLERÍA** | Concellería de Educación<br>Mª Herminia Pouso Maneiro | | |
| **DESCRICIÓN DO GASTO** | Realización da actividade "Os Contos do Chupete" o día 21/02/2016, co motivo da celebración do "Día da Lingua Materna", incluído no programa de actividades de dinamización lingüística nos meses de xaneiro e febreiro de 2016 | | |
| **Nº orzamentos aportados** | 1 | **Provedores** | MIGALLAS TEATRO, S.L. |
| **Informe:** | | | |
| **PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.** | | | |
| **Denominación:** | **MIGALLAS TEATRO, S.L.** | | |
| **NIF/CIF:** | B36258770 | | |

| | | |
|---|---|---|
| Importe (IVE incluído): | 380,00 € | |
| Observacións | | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| Nº Proposta | 11 | Data | 12/01/2016 |
| SERVIZO/CONCELLERÍA | Concellería de Educación<br>Mª Herminia Pouso Maneiro | | |
| DESCRICIÓN DO GASTO | Realización da actividade "Rosalía, unha meniña" o día 24/02/2016, co motivo da celebración do "Día de Rosalía", incluído no programa de actividades de dinamización lingüística nos meses de xaneiro e febreiro de 2016 | | |
| Nº orzamentos aportados | 1 | Provedores | BRAIS FERNÁNDEZ ÁLVAREZ |
| Informe: | | | |
| PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación. | | | |
| Denominación: | BRAIS FERNÁNDEZ ÁLVAREZ | | |
| NIF/CIF: | 33300982H | | |
| Importe: | 400,00 € | | |
| Observacións | | | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| Nº Proposta | 12 | Data | 12/01/2016 |
| SERVIZO/CONCELLERÍA | Concellería de Educación<br>Mª Herminia Pouso Maneiro | | |
| DESCRICIÓN DO GASTO | Aprobación dunha partida de gastos en concepto de imprevistos para a celebración das actividades incluídas no programa de actividades de dinamización lingüística nos meses de xaneiro e febreiro de 2016 | | |
| Nº orzamentos aportados | | Provedores | |
| Informe: | | | |
| PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación. | | | |
| Denominación: | | | |
| NIF/CIF: | | | |
| Importe: | 200,00 € | | |
| Observacións | - Partida de imprevistos para os gastos que puideran xurdir durante a celebración do programa de actividades de dinamización lingüística nos meses de xaneiro e febreiro de 2016.<br>- Así mesmo, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda aprobar a celebración das actividades incluídas no programa de actividades de dinamización lingüística nos meses de xaneiro e febreiro de 2016 | | |

## AUTORIZACIÓN DE DISPOSICIÓN DO SALÓN DE ACTOS DO CONSERVATORIO MUNICIPAL DE RIVEIRA POLA EMPRESA MUGATRA SOCIEDAD DE PREVENCIÓN, S.L.

Vista a proposta presentada polo **Director do Conservatorio Municipal de Riveira**, Álvaro López González, de data 20/01/2015, en relación á solicitude presentada por Verónica Jorge Pérez en nome de MUGATRA, de data 08/01/2016, interesando dispoñer do Salón de Actos do Conservatorio Municipal de Riveira para o vindeiro día 30/01/2016, desde as 9:30 ás 12:30 horas, co motivo da celebración

dun curso de formación específica a empresas desta localidade coas que teñen concertado o servizo de prevención.

A **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

**Autorizar** á empresa **MUGATRA SOCIEDAD DE PREVENCIÓN, S.L.** o uso do Salón de Actos do Conservatorio Municipal de Riveira para o vindeiro día 30/01/2016, desde as 9:30 ás 12:30 horas, para a celebración dun curso de formación específica a empresas desta localidade coas que teñen concertado o servizo de prevención, previo pagamento das taxas municipais correspondentes.

Así mesmo, segundo liquidación de tributos efectuada polo Xefe da Oficina Liquidadora de data 21/01/2016, a Xunta de Goberno Local, por delegación do Alcalde, por unanimidade dos presentes, acorda aprobar:

| LIQUIDACIÓN DE TRIBUTOS | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Reintegro dos gastos (Horas extraordinarias persoal fóra do seu horario laboral) ocasionados pola utilización das instalacións municipais o sábado 30/01/2016, en horario de 9:30 a 12:30 horas | | 96,46 € | TOTAL Ingresar/Devolver............................ **96,46 €** | | |
| **DATOS DE LIQUIDACIÓN COMPLEMENTARIA** | | | | | |
| **Cota complementaria** | | **Cota Autoliquidada** | | **Diferenza** | |

*- PRAZOS PARA EFECTUAR O INGRESO (Art. 62 da L-G.T. 58/2003 de 17 de decembro)*
*a) Recibida a notificación entre os días 1 e 15 de cada mes, ambos inclusive:*
*Ata o día 20 do mes seguinte.*
*b) Recibida a notificación entre os días 16 e último de cada mes, ambos inclusive:*
*Ata o día 5 do 2º mes posterior á notificación.*
*c) Se tales días fosen inhábiles, ata o inmediato hábil seguinte.*
*Transcorridos os ditos prazos sen efectuar o ingreso, procederase ao seu cobro por vía administrativa de constrinximento, co recargo do 20% e demais gastos de execución.*

**EXPEDIENTES DE FRACCIONAMENTO DE PAGO.**

**FRACCIONAMENTO DE PAGO A JOSÉ MANUEL BATALLA EIRAS**

Expediente: 2016-00000002

Visto o escrito presentado por José Manuel Batalla Eiras, de data 14/01/2016 (Rexistro de entrada nº 283), no que solicita o fraccionamento de pago de liquidación tributaria.

Visto o informe con proposta de resolución emitida ao respecto pola Tesourería Municipal, de data 20/01/2016.

Vista a documentación que consta no expediente.

**A Xunta de Goberno Local,** de conformidade ca citada proposta de resolución, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

CONCELLO DE RIVEIRA SECRETARÍA

**PRIMERO.-** CONCEDER o aprazamento/fraccionamento solicitado, con aceptación provisional da garantía aportada, e liquidar o xuro de demora desde o día seguinte ao fin do periodo voluntario ata a data de vencemento do prazo concedido ou, no seu caso, de cada fracción de débeda, de acordo co artigo 53 do Regulamento Xeral de Recadación, establecéndose como prazos e cantidades a ingresar os seguintes:

| Fracción | Vencemento | Importe fracción |
|---|---|---|
| 01 | 05/02/2016 | 81,88 € |
| 02 | 05/03/2016 | 81,88 € |
| 03 | 05/04/2016 | 81,88 € |
| 04 | 05/05/2016 | 81,88 € |
| 05 | 05/06/2016 | 81,88 € |
| 06 | 05/07/2016 | 81,88 € |
| 07 | 05/08/2016 | 81,88 € |
| 08 | 05/09/2016 | 81,88 € |
| 09 | 05/10/2016 | 81,88 € |
| 10 | 05/11/2016 | 81,88 € |
| 11 | 05/12/2016 | 81,88 € |
| 12 | 05/01/2017 | 81,88 € |
| 13 | 05/02/2017 | 81,88 € |
| 14 | 05/03/2017 | 81,88 € |
| 15 | 05/04/2017 | 81,88 € |
| 16 | 05/05/2017 | 81,88 € |
| 17 | 05/06/2017 | 81,88 € |
| 18 | 05/07/2017 | 81,84 € |

**SEGUNDO**.- Notificar ao/á interesado/a o acordo anterior, advertíndolle que:

1.- Nos aprazamentos a falta de pago das cantidades aprazadas na data do seu vencemento, determinará a súa inmediata esixibilidade, en vía de apremio. Esixirase o apremio do principal da débeda, os xuros de demora devengados a partir do día seguinte ao do vencemento do prazo de ingreso en período voluntario ata a data do vencemento do prazo concedido e o recargo do periodo executivo sobre a suma de ambos conceptos.

2.- Nos fraccionamentos, pola fracción non pagada e os seus xuros, expedirase a correspondente providencia de apremio, co recargo executivo sobre a suma de ambos conceptos e de non producirse o ingreso das cantidades anteriores se considerarán vencidas as fraccións pendentes, que se esixirán polo procedemento de apremio.

3.- De conformidade co establecido no artigo 52.2 do Regulamento Xeral de Recadación:

Os pagos que o Concello deba realizar ao obrigado durante a vixencia do presente acordo quedarán afectos ao cumprimento do aprazamento. A tal efecto, entenderase, nos supostos de concesión de aprazamentos ou fraccionamentos concedidos con dispensa total ou parcial de garantías, que desde o momento da resolución se formula a oportuna solicitude de compensación para que surta os seus efectos en canto concorran créditos e débitos, aínda cando esto poida supoñer vencementos anticipados dos prazos e sen perxuízo dos novos cálculos de xuros de demora que resulten procedentes.
O mantemento e eficacia do presente acordo queda condicionado a que, durante a súa vixencia, o interesado se encontre ao corrente das súas obrigas tributarias co Concello.

**III.- CONTRATACIÓN.**

**DEVOLUCIÓN DA FIANZA DEPOSITADA PARA RESPONDER DO CONTRATO DE "SUBMINISTRACIÓN (ADQUISICIÓN EN PROPIEDADE), INSTALACIÓN E POSTA EN FUNCIONAMENTO DE DÚAS BÁSCULAS MÓBILES E UN EQUIPO CENTRALIZADOR DE AUTOSERVIZO DE PESAXE E ETIQUETAXE PARA A LONXA MUNICIPAL DE RIVEIRA".**

Visto o expediente de contratación tramitado por este Concello para a "Subministración (adquisición en propiedade), instalación e posta en funcionamento de dúas básculas móbiles e un equipo centralizador de autoservizo de pesaxe e etiquetaxe para a lonxa municipal de Riveira".

A adxudicación realizouse por Decreto da Alcaldía da data 04/03/2011, a favor da empresa "Técnicas Electrónicas Aplicadas Xulio, S.A. (TEAXUL, S.A.)" (CIF A-36632818), e o correspondente contrato asinouse na data 10/03/2011.

Para responder da boa execución do contrato a empresa depositou unha garantía definitiva de 1.489,15 euros, segundo Carta de Pago expedida polo Departamento de Contabilidade do Concello da data 18/02/2011 (nº de operación 2011 33000202), acreditativa da constitución da garantía definitiva mediante aval do Banco Popular Español, da data 17/02/2011, inscrito no Rexistro Especial de Avais co número 1012-1228.

A Acta de recepción das obras formalizouse na data 11/05/2011.

Tendo en conta que transcorreu o prazo de garantía para responder da boa execución do contrato.

CONCELLO DE RIVEIRA SECRETARÍA

Vistos os informes emitidos polo Administrador da Lonxa de Riveira, José Manuel Orellán Santos, e polo interventor accidental, Jorge González Mariño, ámbolos dous da data 19/01/2016, favorables á cancelación e devolución da garantía definitiva depositada pola empresa para responder da execución do contrato.

**A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 01/07/2015 (*ditado ó abeiro do artigo 21.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, de acordo co artigo 14.1 da Lei 30/1992, do 26 novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común*), **adopta o seguinte acordo**:

**A cancelación e devolución da garantía definitiva de 1.489,15 euros constituída por "Técnicas Electrónicas Aplicadas Xulio, S.A. (TEAXUL, S.A.)" (CIF A36632818), para responder da execución do contrato "Subministración (adquisición en propiedade), instalación e posta en funcionamento de dúas básculas móbiles e un equipo centralizador de autoservizo de pesaxe e etiquetaxe para a lonxa municipal de Riveira".**

**IV.- DECRETOS DE AVOCACIÓN DE COMPETENCIA.**

Non se presenta ningún decreto para a súa dación de conta.

**V.- AUTORIZACIÓNS DEMANIAIS**

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

**VI.- LICENZAS DE ACTIVIDADE.**

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

**VII.- LICENZAS URBANÍSTICAS.**

**1.-** Visto o escrito presentado por **Energía Riveira, S.A,** de data 04/11/2015 (Rexistro de entrada nº 11.297), no que solicita licenza de obra para peche e desmantelamento de planta de coxeneración sita no Porto Pesqueiro de Riveira, nº 68.

A **Xunta de Goberno Local**, atendendo á documentación obrante no expediente e ao disposto no informe técnico favorable emitido polo Arquitecto Técnico Municipal Jesús García Ramos, de data 11/01/2016, á ***autorización*** da Consellería do Mar para realizar obras de desmonte de planta de coxeneración no porto de Riveira, asinado polo Presidente de Portos de Galicia José Juan Durán Hermida na data 21 de decembro de 2015, e ao informe xurídico con proposta de resolución do Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez De Llano Orosa, de data 12/01/2016, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

**Primeiro.-** ***CONCEDER*** a ENERGÍA RIVEIRA S.A. ***LICENZA DE OBRAS (Nº 3/16)*** para levar a cabo o ***PECHE E DESMANTELAMENTO DE PLANTA DE COXENERACIÓN*** sita no Porto Pesqueiro de Riveira n º 68, nos termos do Proxecto así como Estudio Básico de Seguridade e Saúde Laboral visados polo C.O.E.I. de Galicia de data 22.7.14. redactados polo arquitecto José Ramón Álvarez Arnau, así como da *Autorización da Consellería do Mar para realizar obras de desmonte de planta de coxeneración no porto de Riveira, asinado polo Presidente de Portos de Galicia José Juan Durán Hermida na data 21 de decembro de 2015*:

- *Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras* ***Oficio de Execución Material, Coordinación de Seguridade e Saúde,*** *visados polos Colexios Oficiais correspondentes.*

**Segundo.-** A obra iniciarase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

**Terceiro.-** Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- *A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintarase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.*
- *A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.*
- *Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.*
- *O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de*

CONCELLO DE RIVEIRA
SECRETARÍA

*servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.*

- *Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).*
- *Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.*
- *A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentarase a correspondente solicitude.*
- *A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimentos dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.*
- *Procederase con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participarase a data da súa iniciación.*
- *As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.*
- *Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".*
- *Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.*

**Cuarto.-** Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Riveira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós conductores dos automóbiles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

**Quinto.-** Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as

augas da choiva ou calquera outros productos ou materiais procedentes da construcción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

**Sexto.-** Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Riveira encargados da inspección e vixilancia da obra apreciase desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

**Sétimo.-** O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

**Oitavo.-** Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

Así mesmo, segundo liquidación complementaria de obras efectuada polo Xefe da Oficina Liquidadora de data 20/01/2016, a Xunta de Goberno Local, por delegación do Alcalde, por unanimidade dos presentes, acorda aprobar:

| LIQUIDACIÓN COMPLEMENTARIA DE OBRAS | | |
|---|---|---|
| Imposto sobre construcións, instalacións e obras | 270,79 € | |
| Licenzas urbanísticas | 43,13 € | TOTAL Ingresar/Devolver.............................. 0,00 € |

| DATOS DE LIQUIDACIÓN COMPLEMENTARIA | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Cota complementaria | 313,92 € | Cota Autoliquidada | 313,92 € | Diferenza | 0,00 € |

**2.-** Visto o escrito presentado por **Francisco Cazador Serafín,** de data 18/11/2015 (Rexistro de entrada nº 11.924), no que solicita licenza de obra para construción de peche de parcela con refª catastral nº 15074A026000130000KX sita no lugar de Chan de Couso, Aguiño, Riveira.

A **Xunta de Goberno Local**, atendendo á documentación obrante no expediente e ao disposto no informe técnico favorable emitido polo Arquitecto Técnico Municipal Jesús García Ramos, de data 12/01/2016, e no informe xurídico con proposta de resolución do Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez De Llano Orosa, de data 04/01/2016, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

**Primeiro.-** ***CONCEDER*** a Francisco Cazador Serafín ***LICENZA DE OBRAS (Nº 4/16)*** para ***CONSTRUCIÓN DE PECHE DE PARCELA*** con refª catastral nº 15074A026000130000KX sita no lugar de Chan de Couso, Aguiño, Riveira:

- ***CONDICIÓNS DE CONSTRUCIÓN:*** *O peche será preferentemente vexetal. Si se realiza con material opaco ou de fábrica non pode superar 1 metro de altura excepto en parcelas edificadas nas que puede alcanzar 1,50 metros. En todo caso débense realizar con materiales tradicionais do medio rural no que se localicen. Non se permite o empleo de bloques de formigón o materiais de fábrica sin revestir nin pintar.*
- ***CONDICIÓNS DE ALIÑACIÓN:*** *Deberá replantearse previamente ao inicio das obras, respetándose obrigatoriamente os retranqueos establecidos polo Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Riveira. Respecto ao vial que está ao fronte da parcela, respetarase un **retranqueo de 6 metros respecto ao eixo da vía**, respetándose no demais os **retranqueos de 4 metros respecto ao eixo da vía**, así como un **retranqueo de 5 metros de cauces públicos**.*
- ***OUTRAS CONDICIÓNS:*** *Deberá cumprir a lexislación vixente, particularmente a relativa a prevención de riscos laborais.*

**Segundo.-** A obra iniciarase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

**Terceiro.-** Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Riveira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós conductores dos automóbiles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

**Cuarto.-** Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros productos ou materiais procedentes da construcción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

**Quinto.-** Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Riveira encargados da inspección e vixilancia da obra apreciase desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

**Sexto.-** O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

**Sétimo.-** Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

Así mesmo, segundo liquidación complementariade obras efectuada polo Xefe da Oficina Liquidadora de data 20/01/2016, a Xunta de Goberno Local, por delegación do Alcalde, por unanimidade dos presentes, acorda aprobar:

| LIQUIDACIÓN COMPLEMENTARIA DE OBRAS | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Imposto sobre construcións, instalacións e obras | -39,00 € | TOTAL Ingresar/Devolver............................ **30,29 €** | | | |
| Imposto sobre construcións, instalacións e obras | 69,29 € | | | | |
| Licenzas urbanísticas | - 43,13 € | | | | |
| Licenzas urbanísticas | 43,13 € | | | | |
| **DATOS DE LIQUIDACIÓN COMPLEMENTARIA** | | | | | |
| **Cota complementaria** | 112,42 € | **Cota Autoliquidada** | 82,13 € | **Diferenza** | 30,29 € |

*- <u>PRAZOS PARA EFECTUAR O INGRESO</u> (Art. 62 da L-G.T. 58/2003 de 17 de decembro)*
*a) Recibida a notificación entre os días 1 e 15 de cada mes, ambos inclusive:*
*Ata o día 20 do mes seguinte.*
*b) Recibida a notificación entre os días 16 e último de cada mes, ambos inclusive:*
*Ata o día 5 do 2º mes posterior á notificación.*
*c) Se tales días fosen inhábiles, ata o inmediato hábil seguinte.*
*Transcorridos os ditos prazos sen efectuar o ingreso, procederase ao seu cobro por vía administrativa de constrinximento, co recargo do 20% e demais gastos de execución.*

CONCELLO DE RIVEIRA SECRETARÍA

**3.-** Visto o escrito presentado por **Francisco Betanzos Rego**, de data 25/11/2015 (Rexistro de entrada nº 12.177), no que solicita licenza de obra para rehabilitación de cuberta en edificación existente sita na Rúa Canle nº 14, Palmeira, Riveira, en parcela con refª catastral nº 3442303NH0134S0001DH.

A **Xunta de Goberno Local**, atendendo á documentación obrante no expediente e ao disposto no informe técnico favorable emitido polo Arquitecto Técnico Municipal Jesús García Ramos, de data 29/12/2015, e no informe xurídico con proposta de resolución do Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez De Llano Orosa, de data 13/01/2016, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

**Primeiro.-** ***CONCEDER*** a Francisco Betanzos Rego ***LICENZA DE OBRAS (Nº 5/16)*** para ***REHABILITACIÓN DE CUBERTA*** en edificación existente sita na Rúa Canle nº 14, Palmeira, Riveira, en parcela con refª catastral nº 3442303NH0134S0001DH, achegándose Proxecto de rehabilitación de cuberta de novembro de 2015 redactado por Francisco A. Fragoso Pena:

- *Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Proxecto Técnico visado polo Colexio Oficial de Aparelladores, Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación.***
- *Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Oficio de Dirección de Obra, Oficio de Execución Material** e **Oficio de Coordinación de Seguridade e Saúde** visados polos Colexios Oficiais correspondentes.*
- *A substitución de cuberta deberase axustar estrictamente ao solicitado sin implicar en ningún caso aumento de volumen.*
- *No suposto de que se detecte a presenza de amianto, fibrocemento (uralita), debrá dispoñerse dun plan de Traballo aprobado pola autoridade laboral, e procederase a súa retirada por unha empresa especializada inscrita no RERA.*

**Segundo.-** A obra iniciarase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

**Terceiro.-** Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- *A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintarase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha*

*acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.*

- *A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.*
- *Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.*
- *O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.*
- *Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).*
- *Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.*
- *A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentarase a correspondente solicitude.*
- *A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimentos dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.*
- *Procederase con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participarase a data da súa iniciación.*
- *As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.*
- *Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".*
- *Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.*

CONCELLO DE RIVEIRA SECRETARÍA

**Cuarto.-** Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Riveira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós conductores dos automóbiles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

**Quinto.-** Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros productos ou materiais procedentes da construcción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

**Sexto.-** Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Riveira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

**Sétimo.-** O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

**Oitavo.-** Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

Así mesmo, segundo liquidación complementaria de obras efectuada polo Xefe da Oficina Liquidadora de data 20/01/2016, a Xunta de Goberno Local, por delegación do Alcalde, por unanimidade dos presentes, acorda aprobar:

CONCELLO DE RIVEIRA
SECRETARÍA

| LIQUIDACIÓN COMPLEMENTARIA DE OBRAS | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Imposto sobre construcións, instalacións e obras | 201,77 € | | | | |
| Licenzas urbanísticas | 43,13 € | TOTAL Ingresar/Devolver.............................. 0,00 € | | | |
| DATOS DE LIQUIDACIÓN COMPLEMENTARIA | | | | | |
| **Cota complementaria** | 244,90 € | **Cota Autoliquidada** | 244,90 € | **Diferenza** | 0,00 € |

**4.-** Vistos os escritos presentados por **Marcos Formoso Pérez,** de datas 15/15/2015 e 14/01/2016 (Rexistros de entrada nº 12.797 e 284), nos que solicita licenza de obra para reforma e ampliación de vivenda unifamiliar, sita na Rúa Luis Pimentel nº 45-B, Aguiño, Riveira en parcela con refª catastral nº 8586912MH9088N0001OW.

A **Xunta de Goberno Local**, atendendo á documentación obrante no expediente e ao disposto no informe técnico favorable emitido polo Arquitecto Técnico Municipal, Jesús García Ramos, de data 13/01/2016, no informe técnico emitido pola Enxeñeira Municipal, Uxía Landeira Pereira, de data 13/01/2016, e no informe xurídico con proposta de resolución do Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez De Llano Orosa, de data 19/01/2016, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

**Primeiro.-** ***CONCEDER*** a Marcos Formoso Pérez ***LICENZA DE OBRAS (Nº 6/16)*** para ***REFORMA E AMPLIACIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR*** sita na Rúa Luis Pimentel nº 45-B, Aguiño, Riveira, en parcela con refª catastral nº 8586912MH9088N0001OW, nos termos do Proxecto Básico e de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de data 10.12.15 redactado por Sergio Lucio Paniccia:

- *Deberá realizar a* ***previa cesión a dominio e uso público*** *da zona afectada por aliñacións, (segundo o Arquitecto Técnico Municipal superficie de parcela de cesión ao longo do vial,* ***refléxase unha superficie de cesión de 43,40 m²****), e completar a dotación de servicios mínimos urbanísticos previa o simultáneamente coa construcción da edificación ata as aliñacións e no seu caso reforzalos ata os puntos de rede suficiente. A tal efecto, e como garantía do cumprimento desta condición, deberá depositar nas Arcas Municipais segundo informe da Enxeñeira Municipal* ***unha fianza de 1.654,19 € en metálico ou mediante aval bancario no momento de retirar a licenza.***
- *Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras* ***Oficio de Dirección de Obra, Oficio de Execución Material, Coordinación de Seguridade e Saúde, Estudio Básico de Seguridade e Saúde,*** *visados polos Colexios Oficiais correspondentes.*

CONCELLO DE RIVEIRA SECRETARÍA

**Segundo.-** A obra iniciarase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

**Terceiro.-** Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- *A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintarase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.*
- *A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.*
- *Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.*
- *O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.*
- *Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).*
- *Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.*
- *A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentarase a correspondente solicitude.*
- *A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimentos dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.*
- *Procederase con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participarase a data da súa iniciación.*

CONCELLO DE RIVEIRA
SECRETARÍA

- *As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.*
- *Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".*
- *Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.*

**Cuarto.-** Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Riveira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós conductores dos automóbiles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

**Quinto.-** Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros productos ou materiais procedentes da construcción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

**Sexto.-** Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Riveira encargados da inspección e vixilancia da obra apreciase desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

**Sétimo.-** O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

**Oitavo.-** Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*

CONCELLO DE RIVEIRA SECRETARÍA

- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

Así mesmo, segundo liquidación complementaria de obras efectuada polo Xefe da Oficina Liquidadora de data 20/01/2016, a Xunta de Goberno Local, por delegación do Alcalde, por unanimidade dos presentes, acorda aprobar:

| LIQUIDACIÓN COMPLEMENTARIA DE OBRAS | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Imposto sobre construcións, instalacións e obras | 2.666,25 € | | | | |
| Licenzas urbanísticas | 43,13 € | TOTAL Ingresar/Devolver.............................. | 0,00 € | | |
| **DATOS DE LIQUIDACIÓN COMPLEMENTARIA** | | | | | |
| **Cota complementaria** | 2.709,38 € | **Cota Autoliquidada** | 2.709,38 € | **Diferenza** | 0,00 € |

**5.-** Visto o escrito presentado por **Adrián Martínez Pena,** de data 24/12/2015 (Rexistro de entrada nº 13.103), no que achega proxecto básico e de execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos na data 26/10/15 para engadir a expediente de licenza de obras nº 93/15.

A **Xunta de Goberno Local**, atendendo á documentación obrante no expediente e ao disposto no informe técnico favorable emitido polo Arquitecto Técnico Municipal, Jesús García Ramos, de data 07/01/2016, e no informe xurídico con proposta de resolución do Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez De Llano Orosa, de data 12/01/2016, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

***PRESTAR CONFORMIDADE*** a nova documentación aportada ao expediente consistente en Proxecto Básico e de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos na data 26.10.15 redactado por Manuel Peleteiro Bandín:

- *Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras* ***Oficio de Dirección de Obra, Oficio de Execución Material, Coordinación de Seguridade e Saúde, Estudio Básico de Seguridade e Saúde,*** *visados polos Colexios Oficiais correspondentes.*

**RESOLUCIÓN EN RELACIÓN Á IMPOSICIÓN DE MULTA COERCITIVA DE 1.000 EUROS AO SR. MANUEL GERARDO RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ QUE SERÁ REITERABLE MENSUALMENTE ATA A EXECUCIÓN DA RESOLUCIÓN ACORDADA POR DECRETO DE ALCALDÍA DE DATA 17 DE SETEMBRO DE 2008 EN RELACIÓN AO EXPEDIENTE DE REPOSICIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA DU 45/07.**

EXPEDIENTE: Reposición da Legalidade Urbanística DU 45/07.
SITUACIÓN: Listres de Abaixo, Aguiño, Riveira.
PROMOTOR/A: Manuel Gerardo Rodríguez Fernández.
DENUNCIANTE: Marina Suárez Guzmán, Julio Parada Suárez.
FEITOS: Construcción de vivenda unifamiliar incumprindo a condición especial 4ª da licenza de obra nº 370/06 no que respecta á cesión para dominio e uso público da parte da parcela afectada por aliñeacións segundo o PXOM.

**ANTECEDENTES DE FEITO**

1.- A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada na data 13 de xullo de 2006 otorgou ao Sr. Manuel Gerardo Rodríguez Fernández licenza de obras nº 370/06 para levar a cabo a construcción de vivenda unifamiliar no lugar de Listres de Abaixo, Aguiño, Riveira, coa condición especial 4ª que establece que o promotor deberá:

*"*

*(...)*

*Cederá a favor desta Administración Municipal, para dominio e uso público, a parte da parcela afectada por aliñacións, previo replanteo a realizar polos servicios Técnicos Municipais."*

2.- Posteriormente na data 20 de novembro de 2007, o Arquitecto Técnico Municipal e o Vixiante de Rendas do Concello de Riveira levantan acta de comprobación de obras na que dan conta de que se incumpre a condición especial 4ª de obras nº 370/06.

3.- Por Decreto de Alcaldía de data 19 de decembro de 2007 ordenouse a paralización dos actos de edificación; ao mesmo tempo incoábase expediente de reposición da legalidade urbanística e ordenábase a súa instrucción de conformidade co disposto na Lei 30/1992, de 26 de novembro, co obxecto de que, previa audiencia do interesado, se adoptase algún dos acordos dispostos no número 3 do artigo 209 da Lei 9/2002, de 30 decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

4.- A notificación do citado Decreto practicouse ao promotor da edificación o Sr. Manuel Gerardo Rodríguez Fernández na data 15 de xaneiro de 2008.

5.- Notificado este emprazamento, o Sr. Manuel Gerardo Rodríguez Fernández na data 14 de febreiro de 2008 presenta alegacións.

6.- De conformidade co disposto no art. 209 da Lei 9/2002 de 30 decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, por Decreto de

Alcaldía de data de 17 de setembro de 2008, notificado ao promotor da edificación, o Sr. Manuel Gerardo Rodríguez Fernández na data 6 de outubro de 2008, resolveuse:

*"*

*(...)*

*Desestimar as alegacións presentadas por Sr. Manuel Gerardo Rodríguez Fernández e ordenar, o cumprimento da condición especial 4ª da licenza nº 370/06, que obriga á cesión gratuita dos terreos afectados por aliñeacións."*

7.- Finalmente por Julio Parada Suárez, en escrito rexistrado de entrada na data 30.4.15, (Rexistro de entrada nº 4.452), preséntase escrito no que solicita:

*"*

*(...)*

*A restauración da legalidade a fin de facer efectiva a cesión a dominio e uso público, e, en todo caso, a imposición de multas coercitivas con reiteración mensual ata que se cumpra o acordado."*

8.- Por último a Xunta de Goberno Local en sesión celebrada na data 17 de decembro de 2015 acordou por unanimidade:

*"*

*(...)*

***Primeiro.-*** *IMPOÑER ao Sr. Manuel Gerardo Rodríguez Fernández UNHA MULTA COERCITIVA DE 1.000 €, QUE SERÁ REITERABLE MENSUALMENTE ATA QUE O INTERESADO PROCEDA A CUMPRIR CO ORDENADO, e proceda A SÚA CUSTA Á DEMOLICIÓN DO MURO AFECTADO POR ALIÑACIÓN, en cumprimento da condición especial 4ª da licenza de obra nº 370/06 que obriga á cesión gratuita dos terreos afectados por aliñeacións no lugar de Listres de Abaixo, Aguiño, Riveira.*

*(...)"*

**FUNDAMENTOS DE DEREITO**

**Primeiro.-** Segundo o disposto no artigo 209 da LOUGA, cando se estivesen executando obras sen licenza ou sen axustarse ás condicións sinaladas nelas, o alcalde dispoñerá a suspensión inmediata dos devanditos actos e procederá a incoa-lo expediente de reposición da legalidade, comunicándollo ó interesado.

Instruido o expediente de reposición da legalidade e logo de dar audiencia ó interesado, adoptarase algún dos seguintes acordos:

a) Si as obras non fosen legalizables por seren incompatibles co ordenamento urbanístico, acordarase a súa demolición a custa do interesado e procederase a impedir definitivamente os usos ós que desen lugar ou, se é o caso, á reconstrucción do indebidamente demolido.
b) Si as obras fosen legalizables por seren compatibles co ordenamento urbanístico, requirirase ó interesado para que no prazo de tres meses

presente a solicitude da oportuna licencia, manténdose a suspensión das obras en tanto esta non sexa outorgada.

c) Si as obras non se axustan ás condicións sinaladas na licencia ou orde de execución, ordenaráselle ó interesado que as axuste no prazo de tres meses, prorrogables por outros tres por petición do interesado, sempre que a complexidade técnica ou envergadura das obras que haxa que realizar faga inviable a súa acomodación ás previsións da licencia no prazo previsto.

Este procedemento deberá resolverse no prazo de un ano contado desde a data do acordo de iniciación.

Si transcurrido o prazo de tres meses desde o requerimiento o interesado non solicitase a oportuna licenza ou, se é o caso, non axustara as obras ás condicións sinaladas nela ou na orde de execución, o alcalde acordará a demolición das obras a custa do interesado e procederá a impedir definitivamente os usos ós que dese lugar. Procederase de igual modo no suposto de que a licencia fose denegada por se-lo seu outorgamento contrario á legalidade.

No caso de incumprimento da orde de demolición, a Administración municipal procederá á execución subsidiaria dela ou á execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas, reiterables mensualmente ata logra-la execución polo suxeito obrigado, en contía de 1.000 a 10.000 euros cada unha.

O disposto nos párrafos anteriores entenderase sen prexuizo da imposición das sancións que procedan.

Na súa virtude, vistos os antecedentes obrantes no expediente, vista a condición especial 4ª da licenza de obra nº 370/06 concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada na data 13 de xullo de 2006, vista o Decreto de Alcaldía de data de 17 de setembro de 2008 que resolve o expediente de disciplina urbanística DU 45/07, vista a multa imposta pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada na data 17 de decembro de 2015, quedando constatado a emisión do presente informe, que o Sr. Manuel Gerardo Rodríguez Fernández ***non materializou a cesión do terreo para dominio e uso público da parte da parcela afectada por aliñeacións segundo o PXOM***, e polo que de conformidade co disposto polo artigo 63.1º do Regulamento de Disciplina Urbanística de Galicia, polo artigo 209 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, polo artigo 99.1 da Lei 30/1992 de 26 novembro do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 19/01/2016, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

**Primeiro.-** ***IMPOÑER*** ao Sr. Manuel Gerardo Rodríguez Fernández ***UNHA MULTA COERCITIVA DE 1.000 €, QUE SERÁ REITERABLE MENSUALMENTE ATA QUE O INTERESADO PROCEDA A CUMPRIR CO ORDENADO***, e proceda ***A SÚA CUSTA Á DEMOLICIÓN DO MURO AFECTADO POR ALIÑACIÓN,*** en cumprimento da condición especial 4ª da licenza de obra nº 370/06 que obriga á cesión gratuita dos terreos afectados por aliñeacións no lugar de Listres de Abaixo, Aguiño, Riveira.

CONCELLO DE RIVEIRA
SECRETARÍA

A multa imposta reducirase na súa contía nun 30% se é aboada no prazo de quince dias a partir da notificación da multa e o infractor mostra por escrito a súa conformidade con esta e renuncia expresamente ao ejercicio de toda acción de impugnación no referido prazo (Disposición Adicional 5ª da Louga).

O importe da multa deberá facerse efectivo na Tesourería deste Concello, nas horas de oficina nos seguintes prazos:

- Para as notificacións practicadas entre os dias 1 e 15 de cada mes, desde a data de recepción da notificación ata o día 20 do mes posterior, ou, si éste non fora hábil ata o inmediato hábil seguinte.
- Para as notificacións practicadas entre o 16 e o último de cada mes, desde a data da recepción da notificación ata o día 5 do segundo mes posterior ou, si éste non fora hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

**Segundo**.- Advertirlle ao interesado que de non facerse efectivo o importe da multa nos prazos sinalados, procederase o seu cobro pola vía administrativa de constrinximento, co recargo do 20%, intereses de demora e costas que en cada caso sexan esixibles.

**Terceiro.-** Notificarlle ao interesado que contra a resolución de imposición da multa coercitiva, por ser un acto que pon fin á via administrativa, poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano administrativo que dictou a resolución expresa no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da súa presentación.

Tamén poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte ao da notificación da presente ou, no caso de interposición do potestativo recurso de reposición, desde o día seguinte ao da resolución expresa do mesmo.

Si a resolución do recurso de reposición non fora expresa senón tácita, o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de seis meses a contar desde a día seguinte ó que se produzca o acto presunto. Todo iso, sen prexuizo de que poida interpoñer calquera outro que considere procedente.

Advertir ao Sr. Manuel Gerardo Rodríguez Fernández que, en caso de incumprimento da orde de demolición, a Administración municipal procederá á execución subsidiaria da mesma.

**Cuarto**.- Notificar a presente resolución aos interesados entendendo como tal Manuel Gerardo Rodríguez Fernández, á Sra. Marina Suárez Guzmán así como ao Sr. Julio Parada Suárez, en cumprimento do disposto no artigo 58 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemetno administrativo común.

**VIII.- INFORMACIÓNS URBANÍSTICAS.**

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

**IX.- LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.**

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

**X.- LICENZAS DE SEGREGACIÓN.**

**1.**- Visto o expediente que se tramita a instancia de **Manuel Antonio Casais Blanco,** mediante escrito de data 04/11/2016 (Rexistro de entrada nº 11.295), no que solicita licenza de segregación de parcela con refª catastrais nº 8883129MH9088S0001KP e 8883130MH9088S0001MP sita na Terceira Travesía Rúa Mestre Sans Ortega nº 3, Aguiño, Riveira.

A **Xunta de Goberno Local**, atendendo á documentación obrante no expediente e ao disposto, no informe técnico do Arquitecto Técnico Municipal, Jesús García Ramos, de data 29/12/2015, e no informe xurídico con proposta de resolución do Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 15/01/2016, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

**Primeiro.-** ***CONCEDER*** a Manuel Antonio Casais Blanco a ***LICENZA DE SEGREGACIÓN DE PARCELA (Nº 3/16)*** con refª catastrais nº 8883129MH9088S0001KP e 8883130MH9088S0001MP sita na Terceira Travesía Rúa Mestre Sans Ortega nº 3, Aguiño, Riveira, nos termos do Estudio Técnico de Segregación de Parcelas de outubro de 2015 redactado por Manuel Vidal García, resultando finalmente dos parcelas de modo que:

- **PARCELA A (RESTO DA FINCA MATRIZ)** de 266,40 $m^2$ que linda: Norte parcela B resultante da segregación; Sur Terceira Travesía Rúa Mestre Sans Ortega; Este parcela B resultante da segregación; Oeste Antonio Sampedro Silva.
- **PARCELA B** de 244,60 $m^2$ que linda: Norte Manuel Teira Lampón e camiño; Sur parcela A (resto finca matriz) resultante da segregación e Terceira Travesía Rúa Mestre Sans Ortega; Este Josefa Sampedro Silva; Oeste Antonio Sanpedro Sil.

**Segundo.-** O prazo de caducidade da licenza é de 3 anos contados a partir da notificación da licenza, podendo ser declarada a caducidade pola administración municipal logo de procedemento con audiencia do interesado (artigo 197 da LOUGA).

**Terceiro.-** Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

Así mesmo, segundo liquidación complementaria de tributos efectuada polo Xefe da Oficina Liquidadora de data 19/01/2016, a Xunta de Goberno Local, por delegación do Alcalde, por unanimidade dos presentes, acorda aprobar:

| LIQUIDACIÓN COMPLEMENTARIA DE TRIBUTOS | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Taxa actividade urbanística por segregación de finca según ordenanza fiscal en vigor | | 1.289,46 € | TOTAL Ingresar/Devolver............................ **236,04 €** | | |
| **DATOS DE LIQUIDACIÓN COMPLEMENTARIA** | | | | | |
| **Cota complementaria** | 1.289,46 € | **Cota Autoliquidada** | 1.053,42 € | **Diferenza** | 236,04 € |

*- <u>PRAZOS PARA EFECTUAR O INGRESO</u> (Art. 62 da L-G.T. 58/2003 de 17 de decembro)*
*a) Recibida a notificación entre os días 1 e 15 de cada mes, ambos inclusive:*
*Ata o día 20 do mes seguinte.*
*b) Recibida a notificación entre os días 16 e último de cada mes, ambos inclusive:*
*Ata o día 5 do 2º mes posterior á notificación.*
*c) Se tales días fosen inhábiles, ata o inmediato hábil seguinte.*
*Transcorridos os ditos prazos sen efectuar o ingreso, procederase ao seu cobro por vía administrativa de constrinximento, co recargo do 20% e demais gastos de execución.*

**2.-** Visto o expediente que se tramita a instancia de **Luis Blanco Parada,** mediante escrito de data 03/12/2015 (Rexistro de entrada nº 12.453), no que solicita licenza de segregación de parcela con refª catastral nº 001603800NH01A0001TT sita no lugar da Mámoa nº 16, Riveira.

A **Xunta de Goberno Local**, atendendo á documentación obrante no expediente e ao disposto, no informe técnico do Arquitecto Técnico Municipal, Jesús García Ramos, de data 07/01/2016, e no informe xurídico con proposta de resolución do Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 15/01/2016, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

**Primeiro.-** ***CONCEDER*** a Luis Blanco Parada a ***LICENZA DE SEGREGACIÓN DE PARCELA (Nº 4/16)*** con refª catastral nº 001603800NH01A0001TT sita no lugar da

Mámoa nº 16, Riveira, nos termos do Estudio Técnico de Segregación de Parcelas de outubro de 2015 redactado por Carmen María Pérez Pérez:

- **PARCELA A (RESTO DA FINCA MATRIZ)** de 961,25 $m^2$ que linda: Norte parcela con refª catastral nº 15074A009001260000KB, parcela con refª catastral nº 001603600NH01A0001PT, parcela con refª catastral nº 001603900NH01A0001FT; Sur parcela con refª catastral nº 15074A009001240000KW; Este vial público DP-7305; Oeste parcela B resultante da segregación.
- **PARCELA B** de 987,08 $m^2$ que linda: Norte parcela con refª catastral nº 15074A009001260000KB; Sur parcela con refª catastral nº 15074A009001240000KW; Este parcela A (resto da finca matriz) resultante da segregación; Oeste camiño público.

**Segundo.-** O prazo de caducidade da licenza é de 3 anos contados a partir da notificación da licenza, podendo ser declarada a caducidade pola administración municipal logo de procedemento con audiencia do interesado (artigo 197 da LOUGA).

**Terceiro.-** Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

Así mesmo, segundo liquidación complementaria de tributos efectuada polo Xefe da Oficina Liquidadora de data 18/01/2016, a Xunta de Goberno Local, por delegación do Alcalde, por unanimidade dos presentes, acorda aprobar:

| **LIQUIDACIÓN COMPLEMENTARIA DE TRIBUTOS** | | |
|---|---|---|
| Taxa actividade urbanística por segregación de finca según ordenanza fiscal en vigor | 1.403,67 € | TOTAL Ingresar/Devolver............................ **781,05 €** |

| **DATOS DE LIQUIDACIÓN COMPLEMENTARIA** | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **Cota complementaria** | 1.403,67 € | **Cota Autoliquidada** | 622,62 € | **Diferenza** | 781,05 € |

- *PRAZOS PARA EFECTUAR O INGRESO (Art. 62 da L-G.T. 58/2003 de 17 de decembro)*

*a) Recibida a notificación entre os días 1 e 15 de cada mes, ambos inclusive:*
*Ata o día 20 do mes seguinte.*

*b) Recibida a notificación entre os días 16 e último de cada mes, ambos inclusive:*

CONCELLO DE RIVEIRA

*Ata o día 5 do 2º mes posterior á notificación.*
*c) Se tales días fosen inhábiles, ata o inmediato hábil seguinte.*
*Transcorridos os ditos prazos sen efectuar o ingreso, procederase ao seu cobro por vía administrativa de constrinximento, co recargo do 20% e demais gastos de execución.*

**XI.- RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL.**

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

**XII.- VAOS PERMANENTES.**

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación.

**XIII.- OUTROS ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.**

**SOLICITUDES DE SUBVENCIÓNS.**

**1.**- Vista a proposta presentada pola **Concelleira Delegada de Promoción, Dinamización Económica e Cultura, Fabiola García Martínez**, de data 20/01/2016, en relación á Orde do 29 de decembro de 2015, da Consellería de Economía, Emprego e Industria, pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais e se procede á sua convocatoria para o exercicio do ano 2016. (DOG núm. 248, do 30/12/2015).

Vista a documentación que consta no expediente.

**A Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

*Primeiro.*- Solicitar a Consellería de Economía, Emprego e Industria, ao amparo da orde citada anteriormente, unha subvención para a contratación de persoas desempregadas para prestar o seguinte servizo:

**SERVIZO DE SOCORRISTAS DE PRAIAS**: 37 socorristas a xornada completa (8h/día), durante 3 meses.

*Segundo.*- Facer constar que as retribucións dos traballadores a contratar serán as que figuran no actual Orzamento Municipal, de aplicación ao persoal laboral do Concello.

*Terceiro.*- Segundo informe do interventor municipal de data do 20/01/2016, no actual Orzamento Municipal, prorrogado do ano 2015, existe crédito adecuado e suficiente para o financiamento dos custos non subvencionados pola Consellería de

Economía, Emprego e Industria para a contratación de traballadores desempregados para a realización do servizo de "Socorristas de praias" que se solicita ao abeiro da Orde do 29/12/2015, publicada no DOG, número 248, de data 30/12/2015), pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais.

*Cuarto*.- Solicitar a contratación anticipada no caso de que sexa concedida a citada subvención.

**2.**- Vista a proposta presentada pola **Concelleira Delegada de Promoción, Dinamización Económica e Cultura, Fabiola García Martínez**, de data 20/01/2016, en relación á Orde do 29 de decembro de 2015, da consellería de Economía, Emprego e Industria, pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a contratación de persoal técnico para a realización de actividades de información, orientación e prospección de emprego no exercicio 2016. (DOG nº 248, do 30 de decembro de 2015).

Vista a documentación que consta no expediente.

**A Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Solicitar á Consellería de *Economía, Emprego e Industria* unha subvención para a prórroga da contratación da Técnico de Orientación Laboral, Carolina Pampín Perez por importe de 23.000€, para sufragar parte dos custos salariais, incluída a cotización empresarial á Seguridade Social.

**3.**- Vista a proposta presentada pola **Concelleira Delegada de Servizos Sociais e Promoción Social, Esther Patiño Rey**, de data 20/01/2016, en relación á Orde do 29 de decembro de 2015 pola que se establece as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación de risco de exclusión social perceptoras de RISGA, para o exercicio 2016. (DOG 30/12/2015, núm. 248).

Vista a documentación que consta no expediente.

**A Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

*Primeiro*.- Solicitar a Consellería de Economía, Emprego e Industria, ao amparo da orde citada anteriormente, unha subvención para a contratación temporal de 5 persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras de RISGA, ao 75% da xornada, durante 7 meses, para a realización da seguinte obra/servizo:

CONCELLO DE RIVEIRA

*"Brigada de mantemento, mellora e limpeza de vías e áreas verdes municipais"*

*Segundo.*- Facer constar que as retribucións dos traballadores a contratar serán as que figuran no Orzamento Municipal, de aplicación ao persoal laboral do Concello.

*Terceiro.*- Segundo informe do interventor municipal de data do 20/01/2016, no actual Orzamento Municipal, prorrogado do ano 2015, existe crédito adecuado e suficiente para o financiamento dos custos non subvencionados pola Consellería de Economía, Emprego e Industria para a contratacións temporal de persoas en situación de risco de exclusión social perceptoras de RISGA, ao abeiro da Orde do 29/12/2015, publicada no DOG, número 248, de data 30/12/2015.

**A Presidencia levanta a sesión sendo as dez horas e trinta minutos do mesmo día, estendéndose a presente acta, da que, como secretario en funcións, dou fe e certifico.**

**Riveira, 21 de xaneiro de 2016**

**A Alcaldesa en funcións**

CONCELLO DE RIVEIRA
ALCALDÍA

**Fabiola García Martínez**
**(Decreto 20/01/2016)**

**Dou fe, o secretario en funcións**

CONCELLO DE RIVEIRA
SECRETARÍA

**José Martínez de Llano Orosa**